



Fernando Pérez Fernández, alcalde do Concello de Vilasantar, na data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte:

2022/E001/000005  
2022/G003/000146  
2022/G003/000152

**Rectificación erro Decreto 134/2022 de data 02/06/2022 RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DANDO CONTA DA ACTA ACTA DO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL PARA LIMPEZA DO CONCELLO DE VILASANTAR E FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA, POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN**

De acordo co artigo 109.2 Revocación de actos e rectificación de erros, da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; "Las administraciones públicas podrán, así mismo, rectificar en cualquiera momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos".

Visto o erro no punto terceiro do Decreto nº 134/2022 de 02/06/2022 do proceso selectivo para a contratación mediante concurso oposición, laboral a xornada completa, dun/ha limpador/a por circunstancias da produción, cunha duración de 6 meses dende a data de contratación, e formación de bolsa de traballo do Concello de Vilasantar.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do artigo 10 da Lei 40/2015 do 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. **RESOLVO:**

**Primeiro:** Avocar a competencia unicamente para resolver so asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por decreto de alcaldía número 80/2019, de data 21 de xuño de 2019, na Xunta de Goberno Local.

**Segundo:** Rectificar o erro detectado no punto terceiro do Decreto de Alcaldía nº 134/2022 de data 02/06/2022 do do proceso selectivo para a contratación mediante concurso oposición, laboral a xornada completa, dun/ha limpador/a por circunstancias da produción, cunha duración de 6 meses dende a data de contratación, e formación de bolsa de traballo do Concello de Vilasantar; aprobando a bolsa de traballo, segundo a cláusula 13 das bases de convocatoria, para realizar contratación laboral temporal a xornada completa, como limpador/a para o Concello de Vilasantar:

Orde	Apelidos e nome	DNI	Puntuación	
1º	PIÑEIRO LOPEZ MARÍA JESÚS	34****44X	6,05	CONTRATADA
2º	PENAS CERNADAS MARÍA BEATRIZ	78****61L	5,50	-
3º	BUGALLO TOME JOSE LUIS	32*****53D	5,00	-



CONCELLO DE VILASANTAR  
C/Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña  
[correo@vilasantar.com](mailto:correo@vilasantar.com) [www.vilasantar.gal](http://www.vilasantar.gal) 981 778 169

---

A presente bolsa de emprego terá vixencia ata que se derogue expresamente ou, no seu defecto, ata que todos/as os/as interesados/as non manifesten interese na oferta de substitución (bases 13).

**Terceiro:** Darlle publicidade a este decreto no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e na sede electrónica municipal.

Mándao e asínao a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ao departamento correspondente para a súa incorporación ao expediente do que eu secretaria, María Chao Carballeira, dou fe, en Vilasantar a data da sinatura dixital.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE